

A black and white photograph of a woman with long dark hair, wearing a dark jacket, playing a violin. She is looking down at the instrument with a focused expression. The background is a light, slightly blurred wall.

Concerto para un home só

Luísa Villalta



REAL
ACADEMIA
GALEGA

**Concerto
para un
home só**
Luísa Villalta



REAL
ACADEMIA
GALEGA

O traballo recollido no presente volume publicouse en *Cadernos da Escola Dramática Galega*, nº 76 (marzo, 1989). Respectouse a ortografía orixinal da autora nesa edición.

Luísa Villalta

Día das Letras Galegas 2024

Edita

Real Academia Galega

Fotografías

Colección familiar

Ilustracións

Pedro Muíño

© Real Academia Galega, 2024

© Herdeiras de Luísa Villalta

Depósito legal: C 615-2024

DOI: <http://doi.org//10.32766/rag.429>

Real Academia Galega

www.academia.gal



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



**XUNTA
DE GALICIA**



**Deputación
DA CORUÑA**

(Cando se ilumina a escena haberá unha sala con mobiliário antigo preparada para dar un pequeno concerto de salón: sofá, cadeiras, mesa etc. Haberá tamén un estrado cun atril de pé e un espello grande que duplique a figura do concertista á vista do público cando se poña diante do atril. Todo estará disposto de tal xeito que, cando o artista se dirixa ao público imaxinario da escena, estexa, de feito, dirixindo-se ao público real, criando-se ao mesmo tempo distancia e ambigüidade.

Escoita-se amplificado un acorde de violino en pizzicato que fica resoando un momento. Sai un Home vestido de fraque, co andar decidido e pasos sonoros. Trai na man un violino sen cordas. En medio de fortes aplausos, dirixe-se ao seu estrado e saúda repetidas veces.)

HOME.— Amadísimo público, señora condesa, ilustres espectadores. Gracias, gracias (*Os aplausos van-se apagando.*) Un lamentábel accidente, tan inoportuno como inexplicábel, fai imposíbel o meu concerto de hoxe. Non podo dicir se Deus ou o demo, quizais os dous a un tempo disputando-se a miña alma, rebentaron-me as catro cordas do violino. Portanto, vexo-me na obriga de pedir-lles disculpas e suspender esta actuación, na que habia de executar a Partita número dous para violino só, de Bach, nos seus tempos de Allemanda, Courante, Zarabanda, Xiga e Chacona, como lles tiña prometido. A promesa, non obstante, fica en pé para outra ocasión, en agradecimento e correspondéncia aos señores condes, á sua hospitalária amizade, á sua benevoléncia e

apoio para con este humilde artista que percorre o mundo con este violino e o seu talento como única bagaxe. *(Pausa.)* En fin, mais nada. Reitero as miñas desculpas e espero poder compracé-los en breve. Moitas grácias.

(Saúda, dá a volta e dispón-se a saír por onde entrou. No extremo mira para o violino. Pensa, vira-se e, cunha idea súbita, dirixe-se novamente ao público.)

Se me permiten... *(indeciso)* quereda facer-lles unha confesión. É-me tan difícil deixar a escena... preferiria seguir aquí. É todo tan fermoso. *(Contemplando todo, arranxa o fraque, pon o violino debaixo do brazo e examina o arco).* Ah, o meu violino. Sen o meu instrumento sinto-me, non sei como dicer, orfo, inútil... iso é, inútil. E iso non pode ser. Un artista ten sempre un deber que cumprir, e é poñer ao servizo do público todo o que leva dentro. *(Mais decidido).* Creo que esta é unha magnífica ocasión. O violino cala, pero agora falo eu. *(Pausa.)* Podemos comprobar, de feito estou xa comprobando, que sigo a ser o centro das atencións. *(Deixa o violino sobre unha cadeira, perto do seu lugar, de pé contra o respaldo.)* Eu só, sen violino. O artista só, o artista nu.

Si, agora falarei eu. Ovirán de min o que son realmente, o que sinto, todo o que son capaz de transmitir. Pero, conto co seu interese e a súa colaboración? *(Mira para as cadeiras esperando aprobación.)* Vexo que asenten. O que vale é estar entre amigos. Amigos e colaboradores. O artista e o seu público son dúas caras da mesma moeda. Estamos destinados a celebrar xuntos un grande misterio: a Arte. Brindemos por iso.

(*Toca unha campaiña e entra un criado cunha bandexa, botella e copa que deixa sobre a mesa antes de retirar-se. O Home serve-se cantando o “Libiamo ne’lieti calici” da Traviata.*)

Bebamos, beban vostedes. (*Percorre as cadeiras convidando.*) Dispoñamos os nosos espíritos para este fraternal momento: (*solene, levantando a copa.*) pola Arte e o seu poder de comunicación universal, por Xoán Sebastián Bach, pai da nosa Música, para que nos guíe e axude a traspasar o umbral da Verdade. (*Bebe.*)

Para iso estou eu aquí, con ou sen violino. (*Dirixindo-se ao espello e brindando consigo mesmo.*) Eu, o artista. (*Bebe. Outra vez para o público.*) Teño o sagrado deber de transportar a verdade até vostedes, transformar-me nela para vostedes, e ofrecer-lle-la no instante da nosa comunicación. Brindo tamén por vostedes, público amado (*Levanta a copa.*) Estas son, e non son eu quen as inventa, as regras que debemos cumprir: como o día e a noite, eu son brillante, activo, e vostedes pasivos, escuros, anónimos. Vostedes ven-me e eu non os vexo. Un xesto, un son, un silencio abonda.

(*Pausa. Bebe. Deixa a copa con cerimonia, camiña, senta-se no sofá.*)

Non, non, por favor, non aplaudan... de momento. Isto é só o comezo. Só lles pido unha cousa: abandonen as súas propias vidas, esas grises insistencias en si mesmos, e acompañen-me nesta miña aventura, serán un só comigo que, como ven, estou só.

A miúdo teño que conceder entrevistas. A xente ten curiosidade por min, as miñas vulgaridades non son indiferentes. Almorzar con príncipes non é simplemente almorzar, non. É algo que sai nos xornais, é algo digno de ser admirado. E eu pergunto, como é vivir sen notoriedade, sen espectacularidade, na indiferencia? Vostedes non viven, permitan-me a franqueza. Precisan de vivir unha vida allea. Como a miña. Pagan por iso, e pagan ben, non vou queixar-me. Até creo, creo que pagan de mais. Xa ven, estou a ser sincero. (*Tirando a gravata.*) Abandonemos pois as etiquetas. A etiqueta comprime a alma.

(*Mira para o público cunha idea súbita. Ergue.*)



8

Ben sei, ben sei. Andan dicindo por aí que eu non teño alma, que a vendin. Si, que vendin a alma ao demo (*Ri.*) Non era má a idea, non. Tampouco é tan extraordinario. Quen non vende algo nesta vida? Mesmo a alma? Pode ser ao demo, efectivamente, pero tamén a Deus, a unha idea, a unha muller... Todo é agardar e ver quen dá mais por ela. Hai-nos que mesmo saen perdendo: os que dan a alma por unha esperanza (*Ri.*) Pero a min custa-me crer... (*Procura entre a roupa.*) que eu... a alma é algo tan lixeiro. Sen te dares conta, poden-cha roubar. Tamén pode extraviar-se. Ou esaltar como unha corda vella. Teño unha idea, hai unha forma de comprobar... Se o demo ou algunha forza sobrenatural me garantizase a vida e a arte polo prezo da miña alma, viria-me solucionar accidentes como o de hoxe. Creo que é evidente. Agarden un momento.

(Quita a chaqueta e colle o violino. Dispón-se a tocar diante do atril. Soa a Allemanda de Bach, que simula tocar. Con cara de sorpresa baixa o violino e a música segue soando. Toca de novo, entusiasmado. Despois con cara de preocupación.)



Ah! Cousa do demo... Quen toca? Toco eu? (*Coloca outra vez o violino e baixa-o. A música segue soando e el ten cara de ensoñación. A música ficará un tempo como fondo ás palabras e apagará-se lentamente.*) Como non me daba conta. Son eu. Eu recordo isto. (*Sinalando a cabeza.*) Todo está aquí. Iso é a música, como o coñecimento. Un recordo clarividente. Un recordo.

Saben? A alma é tamén iso mesmo, algo que un sempre vai perdendo, deixando-a por todas partes, e samente fica o desexo de podé-la recuperar. Todos os instantes vividos acumulan-se deseñando fantásticas arquitecturas na conciencia: sempre novo e sempre o mesmo, eis a música da existencia.

(Aqui cesa totalmente a música e deixa o violino.)

Vou-lles propoñer un xogo, un xogo apaixonante. Verán: trata-se de procurar na memoria a lembranza mais antiga. Eu xogo a miúdo, é como unha viaxe por un camiño familiar e ao mesmo tempo descoñecido. Eu duvido sempre, non podería dicir con certeza onde comeza o imaxinario e onde acaba o real. Pois ben, ese camiño conduce sempre ao mesmo lugar que é como o nacemento dun río, a mesma fonte, a primeira sensación de estar vivo. É como unha nota, sempre a mesma, de onde provén a miña propia e auténtica melodía: recordo a luz escura e azulada da estancia, a miña man apertando o barrote torneado do berce e un sonido, o seu ranxer compasado contra a ma-

deira do chan. Así foi a miña primeira música. (*Oscila ensimismado dun lado para o outro.*) Un-dous, un-dous. Que pracer! Quixen facer da miña vida a repetición ampliada dese primeiro instante da conciencia, o primeiro que eu podo recordar.


Así pasei a infancia, xogando a un mesmo xogo cun xoguete diferente ao dos outros nenos. (*Colle o violino e soarán os primeiros compases do exercicio n.º 2 de Kreutzer, pero el non toca. Despois, como fondo, soarán trozos dos caprichos n.º 13 e 24, de Paganini.*) Diferente e único. Como disfrutaba! (*Fai de espadachin co arco.*) Con el podía matar gigantes, rescatar princesas, demostraba a miña forza e o meu valor. Eu só. Como un valente. Só, no meu cuarto, gañaba as miñas propias batallas, media-me comigo mesmo. E vivía en paz porque aínda non perdera a alma.

Por outro lado estaba o mundo. Que era o mundo? Non sei dicir, algo ambíguo, ruidoso, pero exacto ao mesmo tempo: era todo o demais. Nada de interese. Era como unha fera tonta que eu podía vencer con facilidade, case inconscientemente. Vencia-a, emudecía-a

“A orquestra, a miña corte. O público, os meus súbditos.”

coa miña arte, eu dominaba entre admiracións e aplausos. (*Rematou a música de fondo e escoitan-se aplausos.*) Era eu xoven, case un neno e estaba sorprendido. Entraba na idade adulta pola porta grande, sen eu sabé-lo. (*Enfrenta-se ao espello. Confirma-se a si mesmo sinalando e dirixindo-se ás cadeiras.*) Pero era eu. Quen tocaba era eu, e non só tocaba, reinaba desde o escenario. A orquestra, a miña corte. O público, os meus súbditos. O xoven rei comezaba a brillar.

Éxito tras éxito, houbo momentos en que me sentin palpar a glória coa xema dos dedos. (*Recorda. Soa o “Largo” do Concerto Grosso op. 3 n.º 11 de Vivaldi, onde comeza o “solo”.*) Eu tocaba, como dicer, deixando-me ir, como se perdesse a vontade. Sen embargo cada nota, cada silencio estaban saíndo conforme ao esperado. Non, non era perfecto. A perfeición é sempre un imposible, portanto non conta. O camiño da perfeición iníciase só, percorre-se sabendo que non leva a ningures. Non. Estou a falar de algo diferente. Entre os meus dedos algo material, e quizais imperfecto, algo vivo, externo a min, frotaba no ar e eu xa non estaba só. Era como se un anxo ou un demo voase ao meu redor e, ao pasar, me rozase coa punta das azas. Tiña vontade de rir aquela cóxega insuportábel. Tocaba para el sen ve-lo, sen saber se existía ou era un soño.



(Silenzo. Deixa o violino. Moverá-se e falará de vagar intentando criar unha sensación de irrealidade e vértigo. As luces iran-se apagando progresivamente ficando unicamente a que o ilumina e outra que ilumina unha cadeira vadeira.)

Ali estaba, fermosa como a primavera. A súa simple presenza era unha afirmación de maior beleza da que atinxiron nunca os sonidos e as palabras. *(Camiña até a cadeira, axionlla-se.)* Ninguén había ali mais pasivo, mais docemente receptor do que eu, mais desvalido. Miramo-nos e por fin tiveron o recordo mais antigo: vin a luz do primeiro instante, si, esa luz que nos cega ao nacer e á que nunca logramos volver.

(Carrexa a cadeira e dá voltas ao redor.)

Que me pasa? Estou nacente ou estou morrendo? Tan parecidas han de ser as dúas cousas que se confunden facilmente, tan facilmente como se esquecen. *(Fala coa cadeira.)* Di-me quen es, di-me por que traes tanta luz nas mans, nos ollos e até na sombra. Non, non mo digas, prefiro non saber nada para comprendé-lo todo. É todo tan extraordinario e tan delicado!

Parece-me que isto mesmo xa pasou en outra parte, en outro mundo. Si, é unha melodía moi antiga. Ó, temo non saber interpretá-la, como un aprendiz ridículo, temo perder-te. Como poder amar-te a ti, que es o amor absoluto? Nunca apartarei de ti os meus ollos, farei todo por ti e para ti, farei que a música se eleve até o ceo onde ti estás, onde estiveche sempre a agardar-me. *(Irá deitando-se no chan e movendo-se sensualmente ao compás das palabras. Outra vez o Largo, de Vivaldi. A luz esmorece.)* Eu son o mar que te reflexa... indo e vindo... como un berce... como o tempo... así, sós... ti-eu, ti-eu *(Escuro. Silenzo.)*

(Luz só para o espello ao que se retirou o cristal. Aparece agora o Home descamisado dentro do marco, apoiado contra un dos lados aplaudindo sen entusiasmo.)

Excelente representación. *(Sinalando para onde se deitara.)* O artista que ama e sofre por todos. Quen pode ficar impasíbel diante de tanta tenrura? *(Mais luz. Saindo do espello, cámbia de ton de súpeto.)* Hipócrita! Di-me, dinos a todos se é verdade todo o que

dixeche, anda, di-nos se todo iso sentia-lo de veras ou era un engano mais do teu oficio. Onde estás ti realmente? Onde fica o teu verdadeiro ser, ese que se agacha baixo a túa depuradísima arte da interpretación? Di-me, onde está a tua alma? Non o sabes, non. Despois de todo, nada é necesario.

(*Serve-se unha copa e levanta-a.*) Brindo por ti, pola tua música, polo teu público, pola tua vaidade. Ah, perdón, era “verdade”, pola Verdade, entón. (*Bebe.*) Brindo tamén, como non, pola tua Musa, esa encantadora señora que te seduce e te promete reinos de comédia, os únicos que mereces. Anda, corre detrás dela, pero ten cuidado que o cobra moi caro. É a glória. Desfruta da glória. Ela é coma ti, un momento, un fulgor, dous ollares que se cruzan e se beixan como estrelas, cando un infinito silencioso as separa. Até podes crer que as estrelas están perto, é fácil enganar-se, pero non é fácil confundir-se.




(*Olla ao redor, as cadeiras, o atril, empurra algo.*)

Que engano! Onde está a verdade? Eu non reino, non brillo, eu son un mais, formo parte do mundo, non desa maravillosa estupidez que te cega. Vivo no mundo real, onde un agarda, loita e sempre perde, o mundo de cada un dos seres vivos que nada procuran, que nada conseguen. Eu coñezo todo aquilo que ti ignoras, o medo, a envexa, a vergoña. Coñezo ben as dúbidas que non chegache a resolver, coñezo o abismo que nos separa e que nos une, onde sei que ti ou eu, algun día, afogaremos. Onde está a verdade, no teu instantáneo triunfo ou na miña silenciosa existencia? Quen soña e quen é soñado?

Tamén eu recordo, si, tamén eu. (*Escoita-se a “Valsa” da Sere-nata para cordas en do maior, de Chaikovski en medio de ruído de copas, murmúrio de conversas, risos etc. Mentres fala perde-se a música ficando os ruídos só.*) Como sufrin aqueles éxitos, como nos distanciaban, como me distanciaban de todo. As viaxes, os longos veraneos, as citas... (*Escoita-se unha gargallada de muller por cima do murmúrio.*) Ó, mamai, o teu riso. (*Outra vez, mais forte.*) Cando era neno, toda a casa ría contigo como se entrase o sol. Era como un timbre que me facía deixar todo e correr á tua beira. Que música deliciosa! (*Escoita-se só o riso repetido, apagando-se.*) Agora ela ri-se de min. Que tremendo ridículo! (*Silenzo. Pausa.*)

E os amigos, di-me, onde están todos? Ves? Non están. Mentres ti inflamabas o teu ego diante de toda a corte de admiradores, eu ia ficando só, como agora, só. (*Vai ao espello sen cristal.*) Nen sequer estás ti. Non podo ver-te, non podo ver-me. Perdín-me definitivamente (*Dá voltas procurando e atopa o violino. Colle-o. Soa a “Zarabanda”, de Bach.*) E isto que fai aquí? Ah, música! Que bonito! Quen toca? Ah, xa recordo, había aquí alguén que ia dar un concerto. Pero non o dou. Non pode. Non. E saben por que? Porque non é quen de subir aí e facer as cousas que se deben facer. Era todo un engano. Vostedes creron-no, pero non era un



artista, era un estafador que pretendia criar un mundo irreal coas suas artimañas. Era un estafador que triunfaba coa súa falsidade hipnótica mentres a verdade ficaba... que verdade? Xa nen o sei. A verdade é un invento que acompaña a todos os inventos sen mostrar-se nunca de todo. Como o amor, talvez. (*Pausa.*)

Saben? Eu tiven un amor, eu si que tiven un amor, unha vez. Era un ser coma mín, coma vostedes, que vivía e se movía libremente. Encontramo-nos e sorrímo-nos: nada nos prometimos. (*Mimifica a escena con xestos de baile mentres soa o terceiro tempo do Cuarteto n.º 8 op. 110, de Shostakovich.*) Eramos como un balé, felices tan só de estar vivos. (*Dá voltas ao compás da música até encontrar-se frente ao espello valeiro. Pára mentres a música se acelera.*) Non hai ninguén, estou bailando coa miña propia sombra. (*A música funde-se co coro da tormenta de Rigoletto, de Verdi ao tempo que se axitan as sombras.*) Ó, todos somos sombras que bailamos con sombras. (*Dando voltas.*) Bailen, bailen todos. Boas noites, señor conde. Como está, señora condesa? Señoritas, señoras, agora comeza o verdadeiro espectáculo.

(*A música e as sombras irán acelerándose mentres dá voltas até cair ao chan. Silenzo súpeto e semiescuridade.*)



Foto: Xoán Piñon

(Entra o Criado, arranxa un pouco as cadeiras e fai o xesto de abrir as cortinas. Fai-se luz. O criado dá a volta e tropeza co Home deitado que rosma algo. Non se sorprende.)

CRIADO.— Señor, señor, xa é dia. Prepararei un baño ao señor. Por favor, colla-se a min, imos xuntos, así, amodo. *(Ao pasar agarra o violino coa outra man.)* Permita-me unha suxerencia? Deberia tomar clases de violino, o señor, un melómano tan exquisito... E beber menos. Ou casar. O señor debería ir pensando que esta vida non é para pasar só todas as noites...

(Van-se indo até desaparecer da escena.)

Luísa Villalta
Día das Letras
Galegas 2024



REAL
ACADEMIA
GALEGA